

Desexámosvos un 2010 cheo de libros e lecturas

O 2010 foi declarado en Galicia Ano do Libro e da Lectura. Desde a biblioteca Agustín Fernández Paz, do IES Auga da Laxe (Gondomar), estamos ao dispor de toda a comunidade educativa para ofrecer materiais e recursos para o lecer e para a aprendizaxe. Organizamos actividades (xogos de busca de información, club de lectura, exposicións, recomendacións...) coas que queremos dinamizar os nosos fondos, adestrar o noso alumnado na busca de información e, en definitiva, servir de mediadores entre os nosos usuarios e os recursos que ofrecemos. Con esta pequena guía de recomendacións queremos animarvos a encher de libros o voso Nadal para comezar o novo ano cunha boa lectura nas mans.



2010 Ano do Libro e da Lectura

<http://bibliolaxe.blogspot.com>
www.augadalaxe.com



HORARIO DE LIBRE ACCESO Á BIBLIOTECA

Todos os días nos recreos
Martes, mércores e xoves, de 17:00h a 18:40h



ENCHE DE LIBROS O TEU NADAL



Biblioteca Agustín Fernández Paz
IES Auga da Laxe - Gondomar
Curso 2009/10

ALGUNHAS NOVIDADES DA BIBLIOTECA

Agustín Fernández Paz, *Valados*, Ed. Xerais.



Unha historia sobre os muros, visibles e invisibles, que separan e enfrontan as persoas. Unha historia sobre a capacidade dos nenos para estar por riba dos fantasmas que crean os adultos.

Domingo Villar, *A praia dos afogados*, Ed. Galaxia.



Unha novela policíaca que xira arredor dunha investigación do inspector Leo Caldas. A morte dun mariñeiro en Panxón vai facendo que coñezamos personaxes que levan moitos anos agochando un segredo.


Alfredo Gómez Cerdá, *Barro de Medellín*, Edelvives.



En *Barro de Medellín*, a vida de dous nenos cambia ao descubriren unha biblioteca e uns libros infantís. Pode a lectura cambiar un pouco a realidade?

Premio Ala Delta 2008
Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2009


Eliacer Cansino, *Una habitación en Babel*, Anaya.



Ángel e Gil, Nor e Berta, Rashid e Stéfano viven na Torre, un enorme edificio situado en Alfarache. Todos eles pertencen a esta historia que fala de inmigración, de soidade, de amor e de amizade.

VI premio Anaya de Literatura Infantil e Xuvenil

Carlos Negro, *Makinaria*, Ed. Xerais




Un libro de versos para adolescentes que mallan na música, unha aceleración poética de cero a cen en tres segundos. Un libro de versos tuneados, maqueados de furia xuvenil. Un libro de versos sen final feliz.

Herikberto Muela Quesada, *O home do traxe branco*, Ed. Xerais.



Nun bosque de Galicia, uns rapaces descubren unha gran nave, da que xorde unha criatura anfibia que dá a luz a súa cría. Da nave descende tamén un misterioso home con traxe branco, acompañado dun estraño animal. Quen é ese home?

Belén Gopegui, *Deseo de ser punk*, Anagrama



Retrato dunha adolescente na procura da súa música.

“Creo que tener dieciséis anos, llamarse Martina y no haber tenido música es un asqueroso desastre. Porque si la hubiera tenido sentiría que pertenezco a algún sitio, supongo”.

Felipe Hernández Cava; Bartolomé Seguí, *As serpes cegas*, BD Banda.



Nova York, 1939. A Guerra Civil española acaba de rematar. Hai persoas que se buscan para saldar contas. Unha crítica aos aproveitados que tiran beneficio dos períodos confusos e aos idealistas que se deixan levar polo momento.

Premio Nacional de Cómic 2009

ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS DOS DEPARTAMENTOS

• Bioloxía e Xeoloxía

- Javier Fernández Panadero, *El mundo de Max*, Editorial Páginas de Espuma. (1º ciclo ESO)
- Kathryn Passig & Aleks Scholz, *Enciclopedia de la ignorancia*, Editorial Destino. (2º ciclo ESO)
- Mary Roach, *Fiambres. La fascinante vida de los cadáveres*, Global Rhythm Press. (2º ciclo ESO)
- Neil Boorman, *Diario de un anticonsumista*, Ed. Booket. (Bacharelato).
- Paúl de Kruif, *Cazadores de microbios*, Ed. Porrúa-México. (Bacharelato)

• Inglés

- John Escott, *Girl on a Motorcycle*, Oxford Bookworms. (1ºESO)
- Bill Bowler, *The wrong trousers*, Osford University Press. (2ºESO)

• Clásicas

- Anisia Miranda, *Mitos e lendas da vella Grecia*, Ed. Do Castro. (ESO)
- Anton Powell, Philip Steele, *El periódico de Grecia*, Ed. B/Círculo de Lectores. (ESO)
- Fernando Lillo Redonet, *Teucro: o arqueiro de Troia*, Toxosoutos. (Bacharelato)
- Lindsey Davis, *La plata de Britania*, Varias editoriais. (Bacharelato)
- Eduardo Mendoza, *El asombroso viaje de Pomponio Flato*, Seix Barral. (Bacharelato)

• Relixión

- José Ramón Ayllón. *10 Ateos cambian de autobús*. Ed. PALABRA.
- Alicia Pérez Tripiñana. Mª Ángeles Sobrino López. *Jesús en el Museo del Prado*. Ed. PPC.